



O Evanxeo de cada día con ollos de aldea

Manuel Regal Ledo



Tempo Ordinario: 5ª Semana

Ciclo C

9 de febreiro: Domingo da 5ª Semana do Tempo Ordinario.

1ª lectura: Is 6, 1-2a. 3-8.

Salmo: 137, 1-2a. 2bc-3. 4-5. 7c-8

2ª lectura: 1Cor 15, 1-11.

Evanxeo: Lc 5, 1-11

Unha vez, estando Xesús á beira do lago Xenesaret, mentres a xente se amoreaba ao seu redor escoitando a palabra de Deus, viu dúas lanchiñas que estaban na beira do lago. Os pescadores que desembarcaran delas lavaban o aparello. Subiu a unha barca, que era de Simón, rogoulle que se apartase un pouco da terra, e dende a barca, sentado, ensinaba á xente. Cando acabou de falar, díxolle a Pedro:

--Voga lago dentro e larga o aparello para pescar.

Respondeu Simón:

--Mestre, pasamos a noite traballando e non demos collido un rabo de peixe, pero, xa que ti o dis, largarei o aparello.

Así o fixeron e colleron tal cantidade de peixe que o aparello rebentaba. Fixéronlles entón acenos aos compañeiros da outra lancha para que lles fosen botar unha man. Foron e encheron as dúas lanchas tanto que a pouco máis van a pique. Vendo isto, Simón Pedro botóuselle aos pés a Xesús, dicindo:

Señor, arreda de min, que eu son un pecador.



Porque tanto el coma os seus compañeiros quedaron abraiados con tanto peixe como colleran naquel lance. O mesmo lles pasaba a Santiago e máis a Xoán, fillos de Zebedeo, que eran compañeiros de Simón. E díxolle Xesús a Simón:

--Tranquilo, dende agora vas ser pescador de xente.

Daquela, varando as barcas en terra e deixándoo todo, seguírono.

Meditación

Lucas, neste pedaciño de Evanxeo, preséntanos a Xesús invitándonos a compartir a súa tarefa e axudándonos a entender e vivir as condicións que a fan posible. É precioso o cadro tan normal desde o que Xesús actúa: ao pé do lago de Xenesaret primeiro, rodeado de xente mariñeira; desde unha barca despois, compartindo coa xente os seus soños dunha vida nova, feliz, con persoas asentadas no agarimo de Deus, tal como el o sentía e vivía. O grupo que o escoitaba estaba composto por homes e mulleres de vida dura, sufrida, oprimida, en boa medida desesperada, ás que lles era ben difícil pensar que para elas e eles as cousas poderían cambiar, mellorar. Por iso se estrañan das palabras alentadoras de Xesús; por iso o escoitan con sorpresa e con dúbidas. Onde estaba a xente, a vida de xente, a loita da xente, o sufrimentos da xente, alí estaba Xesús; vivindo con ela, traballando con ela, compartindo con ela a palabra quente, vivida, convencida que levaba no corazón. Nós, en calquera circunstancia da nosa vida, nesta mesma celebración eucarística, formamos parte deste grupo ao que Xesús se dirixe.

Xesús invítanos ao seu estilo de vida e tarefa, aínda que teñamos pasado por experiencias pouco frutíferas e esteamos cansas e desalentadas. E con Xesús invítannos á tarefa moitas outras persoas e comunidades cristiás que si que manteñen vivo o espírito de Xesús. Quen non coñece casos de persoas, grupos ou comunidades, asociacións, ONGs, que soñan coa irmandade e empeñan nese soño toda a súa vida? Seguro que todos, todas, saberíamos dicir nomes de persoas e de grupos que nos sorprenden, porque si que lle dan creto a Xesús, si que se fían del, e se poñen cada día á tarefa ao seu lado, con humildade, con valentía. Que facemos nós? Somos dos botados para adiante, ou dos que se encollen e se queixan sempre, dicindo que aquí non hai nada que facer? Quen non loita pola irmandade, nunca consegue avances nin na súa propia persoa, nin no conxunto da sociedade. Quen non avanza non goza.



Pregaria

Grazas, Xesús,

porque sempre fuches, e séguelo sendo,
persoa alentadora.

Grazas,

porque ao teu carón

foxen os desalentos,

supéranse os medos,

e un alba de luz rodea sempre a propia existencia

mesmo nas horas máis duras e apagadas.

Grazas, Xesús.

Acción

¿Estamos recibindo dalgunha forma algunha invitación a participar en algo que vaia na onda de Xesús, que vaia na onda dunha boa humanidade? ¿Cómo contestamos a esta invitación?

10 de febreiro: luns da 5ª Semana do Tempo Ordinario

Ano 1: 1ª lectura: Heb 11, 32-40. Salmo: 30, 20. 21. 22. 23. 24

Ano 2: 1ª lectura: 2 Sam 15. 13-14. 30; 16, 5-13a. Salmo: 3, 2-3. 4-5. 6-7

Evanxeo: Mc 6, 53-56

Cando atravesaron para a outra banda, chegaron a Xenesaret e alí desembarcaron. A xente de contado o recoñecía. Puxéronse a recorrer toda aquela comarca; cando a xente sabía onde estaba Xesús, levábanlle todos os enfermos en leitos. Nas aldea, vilas e cidades por onde pasaba poñían os enfermos nas rúas, rogándolle que lles deixase tocar tan sequera a orla do seu manto; e toda a xente que a tocaba quedaba curada.



Meditación

Parece un soño. E seguro que diremos: quen nos dese que entre nós houberse tamén un home así! É posible que o evanxelista, levado polo agarimo e a admiración por Xesús, esaxere algo as cousas. De todos modos Xesús era algo excepcional. Era un verdadeiro apaixonado polo benestar da xente, pola saúde física e espiritual de cantas persoas a el se achegaban, e todo percibían no seu corpo e o seu espírito esa forza de ben. Sen dúbida que, se nos achegamos a el, á súa palabra, ao seu xeito de vivir, moito ben nos virá para o noso espírito e para o noso corpo. Seguro.

Pero tamén sabemos que a vida non se fai con milagres. Faise con apostas humildes, cotiás, valentes, por todo o que leve coidado e dignidade á xente, maiormente á máis débil. Eses son os milagres que hoxe Deus quere e fomenta.

Oración

Tocar a orla do teu manto, Xesús,

quen me dese!

Asomarme sequera a esa fonte de vida

que deitaba xenerosamente de ti,

quen me dese!

Achegar o meu corazón ao teu un chisquiño

para acendelo no mesmo soño humanitario,

quen me dese!

E todo no nome do Deus da vida

que te envolvía por dentro e por fóra,

quen me dese!

Quen me dese, Xesús,

quen me dese!



Acción

Se tes oportunidade, fai por ir visitar un enfermo na súa casa ou na residencia. Está ao tanto e participa en calquera movida que defenda os servizos públicos, especialmente o relativo coa saúde humana en calquera das súas ramas.

11 de febreiro: martes da 5ª semana do Tempo Ordinario

Ano 1: 1: lectura: Xén 1, 20–2, 4a. Salmo: 8, 4-5. 6-7. 8-9

Ano 2: 1ª lectura: 1 Re 8, 22-23. 27-30. Salmo 83, 3. 4. 5 e 10. 11

Evanxeo: Mc 7, 1-13

Reuníronse con Xesús un grupo de fariseos con algúns letrados chegados de Xerusalén e viron que os discípulos de Xesús comían con mans impuras, é dicir, sen antes lavaren as mans. (É sabido que os fariseos e os xudeus todos non comen sen lavaren ben as mans, seguindo así as vellas tradicións; e cando chegan da rúa, tampouco comen sen se bañaren antes; tamén están moi apegados a outras tradicións, como o lavar vasos, xerras e bandexas). Por iso os fariseos e máis os letrados preguntáronlle:

--Por que os teus discípulos non se portan conforme á tradición dos devanceiros, senón que comen con mans impuras?

Xesús contestoulles:

--Que ben profetizou Isaías de vós, hipócritas, como está escrito:

*"Este pobo hónrame cos labios,
pero o seu corazón está lonxe de min.*

*Danme un culto inútil,
porque a doutrina que ensinan
non son máis que costumes humanos.*

Rexeitades os mandados de Deus e agarrádesvos ás tradicións da xente."

E dicíalles:



--Que ben quebrantades os preceptos de Deus, para conservar as tradicións humanas! Porque Moisés dixo: Coida de teu pai e máis de túa nai, e quen abandone a seu pai ou a súa nai é reo de morte. Pero vós dicides: Se un home dixese a seu pai ou a súa nai "o sustento que poderías recibir de min é korbán, é dicir, vai para o Templo como ofrenda", xa non lles permitides facer nada por eles, invalidando o mandamento de Deus coa vosa tradición. E así facedes outras moitas cousas parecidas.

Meditación

Daquela, coma hoxe, as normas de hixiene eran cousa boa; iso non se discute. O malo era que daquela había persoas que entendían que esas normas de hixiene eran un mandato de Deus, e facían deses mandatos algo moi importante, case central, da súa vida relixiosa, deixando de lado outras cousas que tiñan que ver co respecto e coidado de xente, coa xustiza, coa consideración polas persoas máis fráxiles e marxinadas.

A nós ás veces pásanos algo parecido: acendémonos na defensa dalgúns costumes do pasado, por exemplo, gardar unha hora de xaxún para poder comungar, confesar dunha determinada maneira, ou mesmo que as mulleres non poidan ser curas, ou que os curas teñan que ser célibes. Son cousas que poden ter a súa importancia, pero non son o principal. O principal dunha vida cristiá é algo moi simple: coidarnos a fondo como persoas no corpo e no espírito, e facer outro tanto coa xente que nos rodea, entendendo que calquera ser humano é tan meu como se fose eu mesmo, porque no fondo todos, todas somos unha realidade en Deus.

Oración

Que ben que me fose liberando coma ti, Xesús,
a base de ir sempre ao esencial,
e co esencial comprometer os meus pasos todos!
Que ben valorar as pequenas cousas
no que son e no que nos ofrecen,
sen apegar a elas o corazón, a vida!
Que ben, Xesús, poñer o amor no centro sempre,
e co amor concreto e real clarificar en todo a miña vida!



Canto me tes que aprender, Xesús,
canto me tes que aprender!

Acción

A vida, a vida relixiosa tamén, construímosla día a día con pequenas accións, con pequenos costumes, que valen se nos axudan a camiñar cara ao esencial. Pensa: as túas prácticas relixiosas estante levando ao coidado da vida en ti e na demais xente?

12 de febreiro: mércores da 5ª semana do Tempo Ordinario

Ano 1: 1ª lectura: Xén 2, 4b-9. 15-17. Salmo: 103, 1-2a. 27-28. 29bc-30

Ano 2: 1ª lectura: 1 Re 10, 1-10. Salmo: 36, 5-6. 30-31. 39-40

Evanxeo: Mc 7, 14-23

Unha vez convocou Xesús a xente e dicíalles:

--Escoítademe todos e procurade entender. Nada do que hai fóra das persoas pode manchalas ao entrar nel; pero o que sae das persoas iso si que as mancha.

E cando entrou na casa, despois de deixar a xente, os discípulos preguntáronlle polo significado daquilo. Díxolles:

--E logo vós tampouco sodes capaces de entender? Non comprendedes que todo o que vén de fóra e entra no ser humano non o pode manchar, porque non penetra no seu corazón, senón no seu ventre, e de alí vai parar ao escusado?

Así declaraba puros todos os alimentos. E continuou:

--O que sae de dentro, iso si que mancha, porque de dentro, do corazón das persoas, xorden os malos pensamentos, as fornicacións, os roubos, os asasinatos, os adulterios, as cobizas, as maldades, os fraudes, os desenfrensos, as envexas, as blasfemias, a soberbia, os desatinos. Todos eses males saen de dentro e manchan as persoas.

Meditación

Que cousa máis simple e máis fonda a que nos propón hoxe Xesús! A xente, todas e todos, tendemos a pacificar as nosas vidas adaptándoas a normas e



mandatos que nos veñen de fóra, teñan que ver coa comida ou con calquera outra cousa. Xesús invítanos a ir máis alá. Invítanos a ollar o propio corazón, a propia interioridade, porque é aí onde nos decidimos de verdade polo ben ou polo mal, e onde sentamos as bases da nosa felicidade.

Os seres humanos somos simples e complexos ao mesmo tempo. Non é doado chegar ao fondo do propio corazón, para poder ver nel as forzas destrutivas e construtivas que nos moven; facilmente nos enganamos a nós mism@s, e chegamos a crernos persoas perfectas, negándonos a ver o que realmente somos, o que realmente nos move. No fondo do noso corazón, das nosas vidas, non estamos só nós, tamén está Deus, coa súa forza de luz, de paz, coas súas apertas, forzas e perdóns. Por iso non debiamos ter medo a entrar no noso mundo interior con dispoñibilidade para todo o que xurda, que sempre será bo.

Oración

Aquí está o meu corazón, Xesús,
a miña vida toda,
coas súas aparencias e coas súas fonduras,
co que creo controlar e co que se me escapa das mans.

Aquí estou eu, Xesús, ante ti,
con humildade completa,
cómo senón, Xesús!

Aquí estou desexando que o teu Espírito
me ilumine e me fortaleza,
para facerme libre no que é bo, no que é xusto,
sempre, se é posible.

Grazas, Xesús.

Acción

Podes facer algún pequeno exercicio de clarificación persoal. Por exemplo, que é o que cada día che aporta paz, serenidade, forza? Que é o que te altera e desconsola?





13 de febreiro: xoves da 5ª semana do Tempo Ordinario

Ano 1: 1ª lectura: Xén 2, 28-25. Salmo: 127, 1-2. 3. 4-5

Ano 2: 1ª lectura: 1 Re 11, 4-13. Salmo: 105, 3-4. 35-36. 37 e 40

Evanxeo: Mc 7, 24-30

Unha vez foi Xesús cara á terra de Tiro. Alí entrou nunha casa, porque non quería que ninguén o recoñecese. Pero non lle foi posible pasar inadvertido, pois deseguida chegou unha mulleriña que tiña unha filla posuída por un espírito malo e botóuselle aos pés. Esta muller era pagá, unha sirio-fenicia, e rogáballe que lle librase a filla do espírito malo. Pero Xesús díxolle:

--Deixa que se farten primeiro os fillos, pois non é ben quitarlle o pan aos fillos, para botárllelo aos cans.

Ela contestoulle:

--Non é, Señor, non é; pero tamén os cadelinhos apañan debaixo da mesa as faragullas que deixan caer os fillos.

El díxolle entón: vaite, que polo que acabas de dicir xa o demo saíu da túa filla.

E así foi; ao que chegou á casa, atopou a filla deitada na cama, libre do demo.

Meditación

Un relato precioso. A insistencia dunha muller, dunha nai non xudía, que acaba dobregando as resistencias de Xesús. Quen sabe se estamos ante un relato construído para xustificar a apertura das primeiras comunidades cristiás ao mundo pagán, non xudeu. Pero sorprendeulle a Xesús ver como fóra do xudaísmo había xente, unha muller neste caso, aberta ao Espírito, aberta á Boa Nova, capaz de acoller para si e para os seus toda a bondade que Deus verte sobre todos os seus fillos e fillas, sexa cal sexa a súa procedencia, a súa fe. Con canto orgullo van podemos andar a xente relixiosa, orgullo que nos impide achegarnos a Deus e gustar del na nosa vida! E, ao contrario, con canto pracer abre Deus as portas da súa amizade a quen anda humildemente pola vida, mendigando apoios e solidariedades, veñan de onde veñan!



Pregaria

Coma unha cadelinha, meu Deus,
coma unha cadelinha, non máis,
apañando debaixo da túa mesa
as migallas da túa abundancia
espalladas aquí e acolá por todo o mundo.

Apañándoas de ti sen reparos,
e, sen reparos tamén,
compartíndoas cos meus irmáns e irmás,
sexan do país e da relixión que sexan.

Porque ti, meu Deus, es sen distinción
pai ou mai de todo o mundo,
fonte de vida para todo o universo.


Grazas, meu Deus.

Cóllesme da man
para introducirme nese teu mundo máxico,
infinitamente humano.

Grazas, meu Deus.

Acción

Seguro que coñeces persoas doutras relixións que andan polos nosos pobos e aldeas. Respéctaos fondamente. Comparte con elas cando menos a túa palabra, a túa benevolencia, e, no que poidas e saibas, tamén a túa fe, dispost@ tamén, iso si, a respectar e valorar a súa.





14 de febreiro: Venres da 5ª semana do Tempo Ordinario. Festa dos santos Cirilo e Metodio

1ª lectura: Feit 13, 46

Salmo: 116, 1. 2

Evanxeo: Lc 10, 1-9

Un día designou o Señor a outras setenta e dúas persoas, e mandounas diante del de dúas en dúas a todas as vilas e aldeas a onde tiña pensado ir. Díxolles:

--A anada é ben boa, pero hai pouco quen a traballe; así que rogádelle ao donoda colleita que mande xornaleiros e xornaleiras para a seitura. Ide e sabede que vos paredes a parolar con ninguén polo camiño. Cando entredes unha casa, antes de máis nada dicide: “Paz a esta casa”. E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco. Permanecede na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan que quen traballa ten dereito ao seu xornal. Non andedes de casa en casa.

Cando entredes nunha aldea e vos acollan, comedo do que vos dean, curade a xente enferma que haxa e dicídelles: “Xa chega a vós o reino de Deus”

Meditación

Amósasenos o primeiro plan de evanxelización levado a cabo polas primeiras comunidades cristiás seguindo as palabras e o estilo de Xesús. Moito bo hai en Deus para a xente, que merece atención; moita xente hai precisada desa abundancia de Deus.

Oxalá se multiplicasen os homes e mulleres dispostas a facer florecer tanto ben! Andar en pobreza total, que evanxelizar non pareza nunca un negocio en nada. Saír, andar os camiños, bater coa xente, establecer vínculos fraternos, dando e recibindo paz, anunciando o ben de Deus, non as nosas ideas, implicándose nos problemas da veciñanza, aceptando que haxa quen nos desprece.

Cirilo e Metodio foron dous irmáns gregos do s. IX que se converteron en apóstolos dos pobos eslavos, cando estes entraban en contacto co mundo cristián oriental; mesmo chegaron a crear o alfabeto glagolítico, o primeiro que se empregou para escribir o antigo eslavo eclesiástico. No ano 1980 o



Papa Xoán Paulo II declarounos copatróns de Europa xuntamente con Bieito de Nursia. Cirilo e Metodio, para nós ben descoñecidos, pódennos meter no

corpo a creatividade para a evanxelización que tanta falla nos fai no ambiente descristianizado no que vivimos.

Oración

Señor, Señor,

amo, sementador

e das colleitas da vida

absoluto coidador!

Velaquí as miñas mans,

o meu empeño e amor;

velaquí o meu desexo

de estar contigo, a carón

nas loitas nas que ti loitas

por un mundo máis mellor:

Que a vida abunde e floreza

onde a vida é escaso don.

E que abunden as obreiras

que a traballen con paixón.

Acción

Fan falla xornaleiros xornaleiras para espallar o ben de Deus nos nosos pobos e aldeas. ¿Estamos colaborando nalgunha acción que axude a isto? ¿Poderíamos dar un paso adiante e colaborar algo máis?





15 de febreiro: Sábado da 5ª semana do Tempo Ordinario.

Ano 1: 1ª lectura: Xén 3, 9-24. Salmo: 89, 2. 3-4. 5-6. 12-13

Ano 2: 1ª lectura: 1 Re 12, 26-32. 13, 33-34. Salmo: 105, 6-7a. 19-20. 21-22

Evanxeo: Mc 8, 1-10

Por aqueles días, como se xuntaba tamén moita xente arredor de Xesús e non tiñan que comer, chamou polos discípulos e díxolles:

--Dáme mágoa esta xente, hai tres días que vén detrás miña e non ten nada que comer. Se os mando para as súas casas, sen que metan algo na boca, poden esmorecer polo camiño, que moita desta xente vén de ben lonxe.

Os discípulos replicáronlle:

--E de onde se pode quitar, en pleno deserto, pan abondo para fartalos?

Xesús preguntoulles:

--E logo canto pan tendes?

Responderon:

--Temos sete bolos.

Foi e mandou que a xente sentase no chan; despois colleu os sete bolos, rezou a acción de grazas, partiunos e déullelos aos seus discípulos, para que os repartisen entre a xente; e así o fixeron. Tiñan tamén algúns peixes; el bendiciunos e mandou que os repartisen. A xente comeu a fartar e cos anacos que sobraron encheron sete cestas. Eran uns catro mil. Despediunos e deseguida embarcou cos seus discípulos e marcharon para a rexión de Dalmanuta.

Meditación

Non se nos invita a esperar milagres nin, por suposto, a facer milagres. Invítasenos a que, se compartimos a palabra de Deus, os momentos chamados relixiosos, compartamos tamén, en boa lóxica, os bens necesarios para a vida: mantenza, traballo, casa, espazo social, amizades etc. Iso Xesús tiña moi claro e actuaba con coherencia.



Invítasenos tamén a andar cos ollos ben abertos e co corazón ben espelido para percibir as necesidades da xente, e adiantarnos así a buscar solucións que axuden a remedialas.

Invítasenos ao grande milagre do compartir coas pequenas cousas que no día a día podemos facer con quen chama á nosa porta, ou participando en tal ou cal asociación que fai algo por remediar as miserias de xente; pero tamén a facelo apoiando políticos con políticas solidarias, que poñan en primeira liña as necesidades da xente máis desfavorecida, e tamén, as necesidades dun Terceiro Mundo que esgarece mentres nas nosas sociedades unhas minorías engordan sen medida.

Oración

Fólgome, Xesús,

sabendo que tes por min, por nós, ollada fina

para detectar carencias e baleiros

e enchelos coa túa esplendidez.

Fólgome, Xesús,

sabéndome invitad@por ti

a formar parte desa inmensidade de xente compartidora

que pon o seu gozo

en baleirar as arcas e non só en enchelas,

en bailar en corro e non en solitario.

Grazas por ti, Xesús,

polo Espírito que sempre te anima,

polo Deus que nos teus feitos nos mima.

Acción

Mira como está sendo a túa práctica de compartir. Mira se non poderías facer algo máis en calquera aspecto da vida. A ver se chegas á alegría de compartir.



Escola Galega
de Espiritualidade

COMPRENDER, CELEBRAR E VIVIR A FE DUN XEITO RENOVADOR
